



Estimados compañeiras e compañeiros:

### **NOTA CGCOITAE ACTUALIZACIÓN MORATORIAS COTIZACIÓNS S.S. (29/04/2020).**

En relación á moratoria de seis meses, sen xuros, no pagamento de cotizacións á Seguridade Social que, dentro das medidas de apoio aos autónomos, se incluíron no Real Decreto-Ley 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19, respecto á cal se vos informou en datas pasadas coa Nota de 3 de abril da Asesoría Xurídica do CGCOITAE “Novedades legislativas de interés dentro del marco del estado de alarma declarado por la crisis del COVID-19 (3).

En concreto, o artigo 34 do RD-L, que se sintetizaba na devandita nota, habilita á Tesourería Xeral da Seguridade Social (TXSS) para outorgar as referidas moratorias de seis meses, sen xuros, no pagamento das cotizacións á Seguridade Social e por conceptos de recadación conxunta, cuxo período de devengo, no caso das empresas estea comprendido entre os meses de abril e xuño de 2020 e, no caso dos traballadores por conta propia entre maio e xullo de 2020, sempre que as actividades que realicen non se tiveran suspendido con ocasión do estado de alarma declarado polo Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo. Para acollerse a esa moratoria, as empresas e traballadores por conta propia haberán de presentar a súa solicitude e cumprir uns requisitos que o RDL 11/2020 non establecía, xa que se remitía á Orde que emitira o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, previo acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

Dita Orde Ministerial de desenvolvemento foi publicada no Boletín Oficial do Estado (BOE, 28/04/2020): é a Orde ISM/371/2020, de 24 de abril, pola que se desenvolve o artigo 34 do R.D.-L 11/2020, de 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19:

No seu artigo un expóñense as actividades económicas que poderán acollerse á moratoria, que serán as realizadas por empresas e traballadores por conta propia que non teñan visto suspendida a súa actividade, e que estean incluídas nos códigos que se citan da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009).

Entre ditos códigos se atopan o 111 (outros cultivos non perennes), 129 (outros cultivos perennes) e 4322 (fontanería, instalacións de sistemas de calefacción e aire acondicionado), que son os que gardarían relación co ámbito propio das atribucións profesionais dos nosos colexiados.

Podedes acceder á Orde ISM/371/2020 na seguinte ligazón:

<https://www.boe.es/boe/dias/2020/04/28/pdfs/BOE-A-2020-4690.pdf>

### **MÁSCARAS**

Na nosa derradeira comunicación poñiamos no voso coñecemento a existencia dunha “oferta” da Xunta de Galicia, para a xestión conxunta de peticións de “máscaras” ao mesmo prezo que para si mesma acade (DOG, do 17 de abril).

Semella unha iniciativa interesante, pero ten o inconveniente de que en principio se descoñece o prezo de adquisición, e tampouco se establecen prazos de entrega.

---

### **DELEGACIÓN**

PONTEVEDRA: Soportais da ferrería N.º.4, 2º D \* Tfno. E fax: 986 846117 \* 36002 Pontevedra.



COLEXIO OFICIAL DE  
ENXEÑEIROS TÉCNICOS AGRÍCOLAS

A CORUÑA - PONTEVEDRA

Av. Barrié de la Maza, 17-1º C  
15003 – A CORUÑA  
Telf. 981 22 60 27  
Fax. 981 22 41 38  
e-mail: [colegio@coitagalicia.org](mailto:colegio@coitagalicia.org)  
[www.coitagalicia.org](http://www.coitagalicia.org)

A Xunta de Goberno acordou que o Colexio se adhira para si, polo que vos reiteramos o ofrecemento de que si algún de vos ten interese nolo manifestedes mediante correo-e dirixido a “[administracion.coruna@coitagalicia.org](mailto:administracion.coruna@coitagalicia.org)”, indicando a cantidade que vos podería interesar, a mais tardar o xoves 30 de abril venres 8 de maio.

### **ATRIGA**

A Xunta de Goberno estamos a valorar a posibilidade de subscribir coa ATRIGA un Convenio de Colaboración para a aplicación das novas Tecnoloxías da Información nos procedementos de Xestión Tributaria.

Este é un tema recorrente que xa temos abordado máis dunha vez, incluso comentouse en Asemblea, pero que ata hoxe non consideramos que fora unha demanda dun grupo significativo de colexiados.

Mediante a sinatura do convenio, os ITAs colexiados poderedes actuar como colaboradores sociais na xestión tributaria (artigo 92 da “Ley general tributaria”), e consonte a iso, en representación de aqueles contribuíntes que voluntariamente o soliciten, facer e/ou iniciar moitos trámites en relación con Impostos xestionados pola Comunidade Autónoma.

Como tódolos convenios, este vincula a tódalas partes, neste caso a ATRIGA e o Colexio, e os seus colexiados e colexiadas, polo que antes de subscribilo nos gustaría saber cantos e cantas de vos, estades dispostos a adherirvos responsablemente ao mesmo.

En principio pensáramos nun mínimo de 20 de vos, para proceder á sinatura, pero na actual conxuntura podería chegar a ser interesante aínda que no se acadara ese número. Os que estades interesados, comunicádeno mediante correo-e dirixido a “[administracion.coruna@coitagalicia.org](mailto:administracion.coruna@coitagalicia.org)”, a mais tardar o venres 8 de maio.

Sen outro particular, recibe un cordial saúdo.

En A Coruña, a 4 de maio de 2020.



Rafael J. Muiños Moreno.  
Presidente COITAAC.

---

### **DELEGACIÓN**

PONTEVEDRA: Soportais da ferrería N°.4, 2º D \* Tfno. E fax: 986 846117 \* 36002 Pontevedra.